

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

EXTRACTO da Resolución do 28 de decembro de 2020 pola que se aproba o Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2021-2022 (código de procedemento MR701E).

BDNS (Identif.): 541961.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

Todos os concellos de Galicia que cumpran os seguintes requisitos:

– Ter remitidas ao Consello de Contas as contas do último exercicio orzamentario a que legalmente estean obrigados antes do vencemento do prazo de presentación da solicitude da axuda.

– Estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública de Galicia.

Non poderán ter a condición de beneficiarios os concellos que estean incurso nalgunha das prohibicións establecidas nos artigos 10.2 e 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo. *Obxecto*

Regular o procedemento de concesión das axudas tramitadas ao abeiro do Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2021-2022.

Para os efectos deste plan, terán a consideración de parcelas agrícolas:

– Todas aquelas parcelas en que máis do 50 % da súa superficie estea clasificada no Sixpac como de uso agrícola, entendendo como tales: terras de cultivo (terras arables,



horta e invernadoiros), cultivos permanentes (viñedos, froiteiras, oliveiras...) e pasteiros (excluídos pastos arbustivos e arboredos).

– Parcelas en que se localice unha instalación agrogandeira.

– Parcelas incluídas na solicitude de axuda para os pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema integrado de xestión e control (SIXC) do ano 2020.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 28 de decembro de 2020 pola que se aproba o Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2021-2022 (código de procedemento MR701E).

Cuarto. *Contía*

A dotación máxima para financiar estas axudas ascende a 14.300.771,00 € que se financiarán con cargo á partida orzamentaria 14-A1-712A-760.0 (código de proxecto 2016-00008) dos orzamentos da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, coa seguinte distribución por fondos e anualidades:

2021: 7.150.385,50 €.

2022: 7.150.385,50 €.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo para presentar as solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación no DOG da Resolución do 28 de decembro de 2020, pola que se aproba o Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2021-2022.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Sexto. *Outros datos*

A concesión de axudas tramitarase en réxime de concesión directa, ao abeiro do artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación cos arti-



gos 36.1.c) e 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

A axuda financiará o 100 % dos gastos subvencionables. A porcentaxe de axuda calcularase sobre o importe dos gastos subvencionables ata o límite do importe asignado a cada concello.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2020

Inés Santé Riveira
Directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

CVE-DOG: qv90ts19-d6x1-yaq0-hbu2-dx7365bz03m7

